

PROXECTO DE DECRETO POLO QUE SE CREA O CENTRO DE INNOVACIÓN EDUCATIVA E DIXITAL

I

O artigo 31 do Estatuto de autonomía de Galicia establece que é da competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, no ámbito das súas competencias, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o apartado primeiro do artigo 81 daquela, o desenvolvan, das facultades que lle atribúe ao Estado o número 30 do apartado 1 do artigo 149 da Constitución e da alta inspección precisa para o seu cumprimento e garantía.

Vivimos nunha sociedade que está en permanente evolución, na que os cambios se desenvolven con máis rapidez que no pasado e modifican a nosa forma de vivir e de comportarnos. O sistema educativo galego non é alleo a esta realidade, polo que precisa levar a cabo, de maneira permanente, procesos de transformación mediante a investigación e a innovación, co obxectivo de acadar unha educación baseada na atención individualizada da aprendizaxe para o máximo desenvolvemento do potencial do seu alumnado.

Os centros deben dar resposta ás necesidades e demandas da sociedade e do mercado laboral, para poder formar cidadáns do futuro coas competencias necesarias que lles axuden a desenvolverse nun entorno dixitalizado. Para elo, é necesario que se elaboren e desenvolvan marcos de acción que permitan acordar e coordinar diversos aspectos que afectan ao uso das tecnoloxías na educación, desde aqueles relacionados con cuestións organizativas, ata outros máis pedagóxicos e propios dos procesos de ensino e aprendizaxe, tomando como referencia o Marco Europeo para a Competencia Dixital dos Educadores (DigCompEdu).

O Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, supuxo no seu momento un punto de inflexión no ámbito da innovación, grazas á reorganización da rede de formación e á creación do Centro Autonómico de Formación e Innovación, que facilitaron ferramentas pedagóxicas e organizativas ao profesorado na aula, mellorando a súa capacidade de autonomía e decisión.

Porén, o traballo desenvolvido ao longo dos últimos anos no eido da innovación educativa e da formación do profesorado, apoiado na análise da realidade dos centros educativos, evidencian a necesidade dun centro especializado que se dedique á investigación e á innovación para promover no sistema de educación e formación de Galicia os cambios necesarios ante os desafíos da educación na era da dixitalización.

Esta aposta decidida pola innovación como recurso emerxente require dun traballo continuo que acade evidencias científicas rigorosas para que as modificacións implementadas redunden nunha mellora efectiva da calidade do ensino, onde os recursos dixitais e a formación do persoal docente están chamados a xogar un papel fundamental.

Esta investigación, de carácter marcadamente internacionalizado e interdisciplinar, deberá propiciar o afondamento nos cambios metodolóxicos necesarios para motivar o alumnado, mellorar a súa preparación, estimular a súa capacidade de inserción laboral e desenvolver estratexias cooperativas.

En definitiva, a innovación educativa debe servir para promover modificacións significativas no proceso de ensino e aprendizaxe no relativo aos métodos, aos recursos a empregar, ao contexto e tamén aos procedementos de avaliación, polo que se fai necesario que a administración educativa continúe impulsando estes cambios.

Así, a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, regula diferentes aspectos relacionados coa investigación e a innovación educativa. O artigo 1.n) establece entre os principios nos que se inspira o sistema educativo español, o fomento e a promoción da investigación, a experimentación e a innovación educativa. O artigo 102, referido á formación permanente do profesorado, establece que os programas de formación permanente deberán contemplar a adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das ciencias e das didácticas específicas, así como todos aqueles aspectos de coordinación, orientación, titoría, educación inclusiva, atención á diversidade e organización encamiñados a mellorar a calidade do ensino e o funcionamento dos centros.

No artigo 111 bis da mesma Lei, referido expresamente ás tecnoloxías da información e da comunicación, establécese, nos seus números 5 e 6, que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe

e que o Ministerio de Educación e Formación Profesional elaborará e revisará, previa consulta ás Comunidades Autónomas, os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

Por outra banda, no artigo 132 establécense como competencias das persoas directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

Finalmente, na súa disposición adicional trixésimo quinta, sobre a promoción da investigación e innovación educativas, establece que o Ministerio responsable de Educación e as administracións educativas responsables de Educación facilitarán a identificación de grupos de investigación e innovación educativas, fomentarán a creación de bases unificadas de coñecemento, evidencias e boas prácticas, e promoverán o desenvolvemento de centros de investigación que sexan referentes especializados, co fin de mellorar as prácticas docentes e os procesos educativos, elevar os resultados e asegurar a calidade da educación con maior equidade e inclusión. Así mesmo, promoverán a difusión de experiencias e o intercambio dos resultados relevantes da investigación e innovación educativas entre redes de centros educativos e as universidades.

II

Neste contexto, procédese á creación dun centro de investigación e innovación de referencia permitirá identificar necesidades, analizar e deseñar metodoloxías innovadoras, realizar estudos sobre espazos e equipamentos e organización de aula, para a súa posterior implementación e mellora, como fin último, do proceso de ensino-aprendizaxe e, polo tanto, da atención ao alumnado.

Por outra banda, de conformidade coa Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, así como, no ámbito galego, co Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, no desenvolvemento das funcións do centro deberá terse presente a transversalidade do principio de igualdade de trato entre mulleres e homes e a procura de atender

o principio de presenza equilibrada de mulleres e homes nos nomeamentos e designación dos cargos de responsabilidade que lles correspondan.

O decreto estrutúrase en tres capítulos, dúas disposicións adicionais, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

O capítulo I regula o obxecto e as funcións do Centro de Innovación Educativa e Dixital.

O capítulo II establece a súa organización, a través de tres seccións dedicadas á dirección, os departamentos e as persoas asesoras, respectivamente.

Pola súa parte o capítulo III, establece a posibilidade da consellería con competencias en materia de educación de establecer canles de colaboración en materia de Investigación e Innovación con outras entidades ou institucións públicas, ou privadas sen ánimo de lucro, e que teñan entre os seus fins primordiais a investigación e a innovación educativa.

O presente decreto adecúase aos principios de boa regulación previstos no artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e no artigo 37 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico. No que se refire aos principios de necesidade e eficacia, trátase dunha norma necesaria que procede á creación dun centro especializado que se dedique de xeito específico á promoción da investigación e da innovación no sistema educativo e á mellora da formación e cualificación profesional do profesorado de cara a abordar coa máxima eficacia e eficiencia os cambios necesarios ante os desafíos da educación na era da dixitalización. De acordo co principio de proporcionalidade, contén a regulación imprescindible para cumprir co seu obxecto, ao non existir ningunha alternativa regulatoria menos restritiva de dereitos. Conforme ao principio de seguridade xurídica resulta coherente co ordenamento xurídico. Cumpre tamén cos principios de transparencia e accesibilidade, que se garantiron a través da exposición do proxecto no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 41.5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. Así mesmo respéctanse os principios de eficiencia e simplicidade ao permitir unha xestión máis eficiente dos recursos públicos e non prevendo cargas administrativas para as persoas destinatarias.

No proceso de elaboración deste decreto emitíuse ditame polo Consello Escolar de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, de acordo co Consello Consultivo e logo da deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día __ de __ de dous mil vinte e dous,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. Obxecto

1. O obxecto deste decreto é a creación do Centro de Innovación Educativa e Dixital (CIEDIX) que é o órgano encargado de identificar, diagnosticar e obter conclusións sobre a realidade educativa, posibilitando a súa transformación a través da investigación, da innovación e da transferencia dos resultados dos proxectos de I+D+i e da integración das tecnoloxías que incidan na mellora da calidade educativa, sen prexuízo das competencias que, en materia innovación no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións, poidan corresponder a entidades integrantes do sector público autonómico, e sen prexuízo, así mesmo, das funcións do Centro Galego da Innovación da Formación Profesional.

2. O Centro de Innovación Educativa e Dixital dependerá orgánica e funcionalmente do órgano de dirección competente en materia de innovación educativa da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. Funcións

1. Son funcións do Centro de Innovación Educativa e Dixital:

a) Investigación e deseño de modelos metodolóxicos para a mellora dos procesos de ensino, aprendizaxe e avaliación.

- b) Estudo e análise de recursos educativos que permita mellorar o proceso de ensino-aprendizaxe e a competencia dixital.
 - c) Análise do deseño dos espazos educativos e do equipamento necesario para a súa adaptación aos cambios organizativos e metodolóxicos.
 - d) Deseño e valoración de proxectos innovadores para a proposta de implementación no sistema educativo.
 - e) Elaboración de estudos e informes en materia de investigación, dixitalización e innovación educativa.
 - f) Calquera outra que a administración educativa lle encomende dentro do seu ámbito de competencias.
2. No ámbito da formación profesional, todas estas funcións exerceranse sen prexuízo das atribuídas ao Centro Galego da Innovación da Formación Profesional.

CAPÍTULO II

Organización

Sección 1ª. Dirección

Artigo 3. Organización do Centro de Innovación Educativa e Dixital

1. O Centro de Innovación Educativa e Dixital estará composto polo equipo directivo e os departamentos que se establezan nas disposicións que se diten en desenvolvemento do presente decreto.

2. O equipo directivo estará constituído pola persoa titular da dirección e pola persoa que exerza a secretaría.

3. Os departamentos estarán integrados polas persoas asesoras que determine a consellería con competencias en materia de educación.

Artigo 4. A dirección do Centro de Innovación Educativa e Dixital

1. A persoa titular da dirección é a responsable do Centro de Innovación Educativa e Dixital e a representante da administración educativa no dito centro.

2. A dirección será provista polo procedemento de libre designación entre o persoal funcionario de carreira pertencente a algún dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Son funcións da persoa titular da dirección:

a) Representar o centro e exercer a xefatura de todo o persoal adscrito.

b) Dirixir a elaboración-e execución do Plan de Actuación do centro.

c) Visar as certificacións e documentos oficiais do centro.

d) Deseñar e programar accións formativas para o persoal do centro.

e) Calquera outra que lle sexa atribuída pola administración educativa, dentro do ámbito de competencias do centro.

Artigo 5. A secretaría do Centro de Innovación Educativa e Dixital

1. A persoa que exerza a secretaría será nomeada pola persoa titular do órgano de dirección competente en materia de innovación educativa da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a proposta da dirección do Centro de Innovación Educativa e Dixital entre o persoal asesor docente do centro, por un período de catro anos, sendo posible a súa prórroga.

2. Son funcións da persoa titular da secretaría:

- a) Asumir as funcións da dirección, no caso de ausencia ou enfermidade da persoa titular da dirección.
- b) Elaborar e xestionar as correspondentes actividades programadas nos obxectivos anuais definidos no Plan de Actuación do Centro.
- c) A xestión administrativa, económica e patrimonial.
- e) Calquera outra función que lle encomende a dirección, dentro do ámbito de competencias do centro.

3. A persoa titular da secretaría cesará no seu cargo polos seguintes motivos:

- a) Por proposta da persoa titular da dirección do Centro de Innovación Educativa e Dixital, aceptada polo órgano de dirección competente en materia de innovación educativa da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Por finalización ou cese na súa función asesora.
- c) Por renuncia motivada.
- d) Por incapacidade física ou psíquica.
- e) Por revogación acordada polo órgano de dirección competente en materia de innovación educativa da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- f) Polo cesamento da persoa titular da dirección do Centro de Innovación Educativa e Dixital.

Sección 2ª. Os departamentos

Artigo 6. Os departamentos do Centro de Innovación Educativa e Dixital

- 1. O Centro de Innovación Educativa e Dixital, para o desenvolvemento das súas funcións, organizarase en departamentos, nos que se integrarán as persoas asesoras en función das súas competencias profesionais.

2. En cada departamento que se constituía haberá unha persoa que exerza a xefatura de departamento, que será nomeada, por un período dun ano, pola dirección do Centro de Innovación Educativa e Dixital, entre as persoas asesoras do correspondente departamento, oídas as persoas membros do departamento.
3. A persoa xefa de departamento cesará nas súas funcións cando finalice o período para o que foi nomeada, cando cese na función asesora ou por decisión motivada da persoa directora do centro, oídas as persoas interesadas.
4. A persoa xefa de departamento coordinará as actividades do persoal do departamento e aquelas outras que lle asigne a persoa directora do Centro de Innovación Educativa e Dixital.

Sección 3ª. As persoas asesoras

Artigo 7. Selección, nomeamento e avaliación

1. As persoas asesoras do Centro de Innovación Educativa e Dixital serán seleccionadas entre o persoal funcionario de carreira pertencente a algún dos corpos docentes que imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, con destino na Comunidade Autónoma de Galicia, mediante concurso de méritos conforme os requisitos xerais e específicos que para cada departamento do Centro de Innovación Educativa e Dixital se determinen na convocatoria.

As persoas que obteñan praza deberán realizar as actividades de formación complementaria que así se establezan.

2. En tanto non sexa convocado o correspondente concurso de méritos e conforme o establecido no artigo 96 da Lei 2/2015, do 29 de abril, del emprego público de Galicia, os postos de asesores poderán proveerse mediante comisións de servizos de carácter temporal.

CAPÍTULO III

A colaboración con outras institucións

Artigo 8. Colaboración con outras institucións

1. A consellería con competencias en materia de educación poderá establecer canles de colaboración en materia de investigación e innovación con outras entidades ou institucións públicas, ou privadas sen ánimo de lucro, e que teñan entre os seus fins primordiais a investigación e a innovación educativa.

2. Esta colaboración establecerase a través de convenios, para aquelas accións que respondan aos obxectivos programados en materia de investigación e innovación educativa.

Disposición adicional primeira. *Dotación*

O Centro de Innovación Educativa e Dixital será dotado pola consellería con competencias en materia de educación dos medios persoais e materias necesarios para o desenvolvemento das súas funcións , conforme os procedementos establecidos legal ou regulamentariamente.

Disposición adicional segunda. *Consolidación complemento*

Resultará de aplicación á persoa directora do Centro de Innovación Educativa e Dixital o Decreto 120/2002, do 22 de marzo, polo que se regula a consolidación parcial do complemento específico de dirección de centros escolares públicos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa*

1. Quedan derogados os artigos 8.f) e 13.e) do Decreto 74/2011, do 14 de abril, polo que se regula a formación permanente do profesorado que imparte as ensinanzas establecidas na Lei orgánica de educación (LOE), en centros educativos sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan a este decreto.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento normativo*

Autorízase á persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar, dentro do ámbito das súas competencias, as normas precisas para o desenvolvemento deste decreto.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Este decreto entrará en vigor aos vinte días seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ___ de _____ de dous mil vinte e dous.

Alfonso Rueda Valenzuela

Presidente

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades